

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL FEITA O DÍA 05 DE MARZO DE 2026.

ASISTENTES:

ALCALDE : Francisco Quintela Requeijo

CONCELLEIROS: D. Juan Carlos García Barreiro, D^a. María Yolanda Valiño Pena e D .Francisco Manuel Crespo Gómez.

SECRETARIO: David Veiga Sierra

Na Casa do Concello de Coirós, ás catorce horas e dez minutos do cinco de marzo de dous mil vinte e seis, comeza a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local, presidida polo Sr. Alcalde e coa asistencia das persoas que máis arriba se relacionan.

1.- ACTA ANTERIOR.

Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da sesión anterior feita o día vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e seis.

2.- INICIO EXPEDIENTE SANEAMENTO COIROS DE ARRIBA E RECEBES

Por unanimidade dos asistentes, adóptase o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante contrato menor, para a execución da obra Saneamento en Coirós de Arriba e Recebés, con número de expediente 2026/C002/000009, cun orzamento de 35.555,90 €, e cun valor estimado de 29.385,04 €, mais 6.170,86 € correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido e cunha duración de catro meses

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe 35.555,90 €, con cargo á aplicación orzamentaria 160/60901

TERCEIRO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato menor, dando orden de que se proceda á solicitude de propostas varias empresas.

As propostas deberán presentarse en arquivo “pdf” asinado dixitalmente, na sede electrónica do Concello de Coirós (<https://sede.coiros.es>), no prazo de cinco días hábiles.

3.- INICIO EXPEDIENTE ALUMBRADO PÚBLICO ESPENUCA ALTA E OUTROS

Por unanimidade dos asistentes, adóptase o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante contrato menor, para a execución da obra Mellora de alumeadado público en Espenuca Alta e outros, con número de expediente 2026/C002/000008, cun orzamento de 47.603,09 €, e cun valor estimado de 39.341,40 €, mais 8.261,69 €

correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido e cunha duración de catro meses.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe 47.603,09 €, con cargo á aplicación orzamentaria 165/60900

TERCEIRO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato menor, dando orden de que se proceda á solicitude de propostas a varias empresas.

As propostas deberán presentarse en arquivo “pdf” asinado dixitalmente, na sede electrónica do Concello de Coirós (<https://sede.coiros.es>), no prazo de cinco días hábiles.

4.-LICENZAS

4.1-EXP: 2025/U022/000014

**ASUNTO:ACHEGA DE P. EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA E
PECHE**

SOLICITANTE: Juana López Oviedo (35448748K) e Fernando Vaquero Farto (32764570N)
PRESENTADOR: Lidia Castro Juiz (34898787J) NOTIFICACIÓN: TELEMÁTICA presentador
lidiacjuiz@coag.es 696.498430 SITUACIÓN: Casal REF. CATASTRAL:
15027A501000350000RL DOCUMENTACIÓN: Proxecto execución ORZAMENTO: PEM:
212.180€ SUPERFICIES: SUP. PARCELA: bruta en SNR: 2.035m². neta: 1.915m² SUP.
COMPUTABLE: 191,35m² SUP. OCUPADA: 191,35m² ALTURA: ALTURA: PB. 2,82
TÉCNICOS: REDACTOR: Lidia Castro Juiz col 3381 COAG DIRECTOR OBRA: Lidia Castro
Juiz col 3381 COAG DIRECTOR EXECUCIÓN: Juan Pablo Feal Miragaya arquitecto técnico col
2261 COATAC COORD. SEG. E SAÚDE: Juan Pablo Feal Miragaya arquitecto técnico col 2261
COATAC SERVICIOS: conta con rede de abastecemento. Colocación de fosa SUP. CESIÓN: 86m²
LICENZA CONCEDIDA: XGL 12/11/2025

Vista a documentación obrante no expdt. por unanimidade dos asistentes aprobase a licenza
solicitada mantendo as consideracións da licenza concedida :

1.- O informe favorable contempla o proxecto que desenvolve as obras de vivenda unifamiliar illada
cunha superficie construída incluído porche de 191,35m² e peche no lugar de Casal na parcela con
referencia 15027A501000350000RL. Segundo o proxecto asinado pola arquitecta Lidia Castro Juiz.
2. A cesión de terreos para a regularización de viais (86m² a menos de 5m de eixe do camiño)
deberá realizarse en documento público e deberá cederse libre de cargas e construcións e a rasante
do vial ao que da fronte sen interromper o curso das augas pluviais.

3. Os puntos de conexión coas redes de servizo serán as indicadas pola empresa concesionaria e/ou
subministradoras correndo ao cargo do promotor as conexións. A recollida de pluviais resolverase
no interior do predio.

4. Antes da comunicación da primeira ocupación deberá contar con rexistro en Augas de Galicia da
fosa.

5. O peche situarase na aliñación oficial (5m do eixe) non poderá superar os 2m en ningún punto
nin os 1,5m da parte cega e deberá realizarse con materiais pensados para ser vistos. En ningún caso
a cimentación do peche poderá invadir o dominio público.

6. . Deberase cumprir en todo caso a norma de aplicación directa de adaptación ao ambiente (art
91da LSG)

7. O prazo de inicio das obras será de seis meses, contados dende a notificación da licenza
municipal correspondente e deberán concluírse as obras no prazo máximo de tres anos, non
podendo interromperse as obras por tempo superior aos 6 meses. En caso necesario o promotor
pode solicitar prórroga segundo o disposto no artigo 145.2 da LGS.

8. Antes do inicio da obra deberá situarse visible dende a vía pública cartel de obras indicando como
mínimo a seguinte información: ▪ Obxecto da obra ▪ Promotor das obras ▪ Técnicos da dirección
facultativa ▪ Empresa construtora ▪ Data de comezo efectivo da mesma ▪ Data de terminación
prevista segundo prazos exixidos

9. Unha vez realizadas as obras deberá comunicarse ao Concello a primeira ocupación.

4.-2 EXP:2026/U026/000010

**ASUNTO : COMUNICACIÓN PREVIA DE REPARACION DE CUBERTA SUSTITUCION
DE CARPINTERIAS ,CAMBIO DE CALDEIRA POR AEROTERMIA E CAMBIO DE PLATO DE
DUCHA**

Vistos os expedientes e informes emitidos nos mesmos, en virtude da delegación feita polo Sr.
Alcalde o vinte e sete de xuño de dous mil vinte e tres, por unanimidade dos asistentes, acórdase:

- Tomar razón de comunicación previa solicitada para obras de reparación de cuberta, sustitución de carpinterías, cambio de caldeira por aerotermia e cambio de plato de ducha solicitada por D. Francisco Gómez Crespo con DNI 32294367K e dirección telemática: belen.gomez64@gmail.com en parcela con referencia catastral : 7678902NH6877N0001GZ

A documentación presentada coa comunicación previa é suficiente e as obras descritas axústanse á normativa vixente aplicable.

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.CVD :m09rocJ1xJwio4WE5HCc

De acordo coa comunicación previa e documentación presentada polo interesado, salvo dereito de propiedade e ser perxuizo de terceiros, e tendo en conta todo o anterior, establécense as seguintes conclusións:

- 1.- Segundo a documentación presentada, as obras descritas están sometidas ó réxime de comunicación previa, de acordo co artigo 142º da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
- 2.- O Concello de Coirós acusa recibo da execución de obras en réxime de comunicación previa.
- 3.- O interesado declara, baixo a súa responsabilidade:- Que son certos cantos datos e manifestacións foron expostos na comunicación e documentación que se anexa- Que as actuacións que se detallan cumpren coa normativa urbanística e sectorial de aplicación no Concello e que serán executadas de acordo coas condicións xerais e específicas establecidas.- Que se obtiveron todas as autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos necesarios para o inicio da obra, así como concesións administrativas ou autorizacións correspondentes cando o acto pretendido supoña a ocupación ou utilización do dominio público do que sexa titular outra administración pública.- Que as obras e os materiais que se empreguen harmonizarán co conxunto do entorno.- Que a edificación non está suxeita a ningún tipo de catalogación nin protección histórico-artístico, nin afecta a dominio público.- Que non se van realizar obras suxeitas ao deber de obtención de licenza. 4.- Neste trámite compróbase que a documentación está completa, é veraz e acomoda inicialmente á legalidade. O procedemento finaliza coa inspección das obras.
- 5.- A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato, manifestación ou documento que se incorpora á comunicación previa comporta, tras a audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada, sen perxuizo da incoación do expediente de reposición da legalidade e/ou sancionador que proceda.
- 6.- As obras non poderán iniciarse ata o transcurso de 15 días hábiles contados dende a presentación da comunicación coa documentación completa e deberá finalizarse no prazo fixado na documentación ou no seu defecto nun prazo máximo seis meses.
- 7.- DISPOSICIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE: Na execución dos traballos o construtor terá que cumprir as condicións establecidas no artigo 11º do “Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as condicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción así como de xestión de residuos da construción.
- 8.- RESIDUOS: Deberase cumprir o establecido no D. 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición así como a Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES:

- 9.- As obras poderán consistir exclusivamente nas descritas na comunicación.
- 10.- No caso de existencia de materiais considerados perigosos (fibrocemento con amianto) deberase realizar comunicación previa para realizar calquera actuación sobre eles, indicando a correcta xestión de residuos
11. No caso de ocupación de vía pública co andamio deberá solicitar a preceptiva autorización.

4.-3 EXP:2026/U026/000009

ASUNTO: COMUNICACIÓN PREVIA CAMBIO DE TELA

Vistos os expedientes e informes emitidos nos mesmos, en virtude da delegación feita polo Sr.

Alcalde o vinte e sete de xuño de dous mil vinte e tres, por unanimidade dos asistentes, acórdase:

- Tomar razón de comunicación previa solicitada para cambio de tella solicitada por D.José manuel Lata Barbeito con DNI 47373162-Q e dirección en Colantres 48 en parcela con referencia catastral:7705304NH6970N0001AX.

A documentación presentada coa comunicación previa é suficiente e as obras descritas axústanse á normativa vixente aplicable.

Verificable na Sede Electrónica do Organismo.CVD :93f4/g24DcDCDTS1y9b

De acordo coa comunicación previa e documentación presentada polo interesado, salvo dereito de propiedade e ser perxuízo de terceiros, e tendo en conta todo o anterior, establécense as seguintes conclusións:

- 1.- Segundo a documentación presentada, as obras descritas están sometidas ó réxime de comunicación previa, de acordo co artigo 142º da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
- 2.- O Concello de Coirós acusa recibo da execución de obras en réxime de comunicación previa.
- 3.- O interesado declara, baixo a súa responsabilidade:- Que son certos cantos datos e manifestacións foron expostos na comunicación e documentación que se anexa- Que as actuacións que se detallan cumpren coa normativa urbanística e sectorial de aplicación no Concello e que serán executadas de acordo coas condicións xerais e específicas establecidas.- Que se obtiveron todas as autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos necesarios para o inicio da obra, así como concesións administrativas ou autorizacións correspondentes cando o acto pretendido supoña a ocupación ou utilización do dominio público do que sexa titular outra administración pública.- Que as obras e os materiais que se empreguen harmonizarán co conxunto do entorno.- Que a edificación non está suxeita a ningún tipo de catalogación nin protección histórico-artístico, nin afecta a a dominio público .
- Que non se van realizar obras suxeitas ao deber de obtención de licenza.
- 4.- Neste trámite compróbase que a documentación está completa, é veraz e acomoda inicialmente á legalidade. O procedemento finaliza coa inspección das obras.
- 5.- A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato, manifestación ou documento que se incorpora á comunicación previa comporta, tras a audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada, sen perxuízo da incoación do expediente de reposición da legalidade e/ou sancionador que proceda.
- 6.- As obras non poderán iniciarse ata o transcurso de 15 días hábiles contados dende a presentación da comunicación coa documentación completa e deberá finalizarse no prazo fixado na documentación ou no seu defecto nun prazo máximo seis meses.
- 7.- DISPOSICIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE: Na execución dos traballos o construtor terá que cumprir as condicións establecidas no artigo 11º do “Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as condicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción así como de xestión de residuos da construción.
- 8.- RESIDUOS: Deberase cumprir o establecido no D. 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición así como a Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia. CONSIDERACIÓNS PARTICULARES: 9.- As obras deben ser coherentes cos valores xerais do entorno. 10.- As obras poderán consistir exclusivamente nas descritas na comunicación. 11.- No caso de existencia de materiais considerados perigosos (fibrocemento con amianto) deberase realizar comunicación previa para realizar calquera actuación sobre eles, indicando a correcta xestión de residuos 12. No caso de ocupación de vía pública co andamio deberá solicitar a preceptiva autorización .

5.-DEVOLUCION ASIGNACION CONCEDIDA FONDO COOPERACION LOCAL 2025

Por unanimidade dos asistentes acordade :

Devolver a achega concedida para obra denominada “MELLORA ENERXETICA DO PABELLON MUNICIPAL A CORTELLA “ subvencionada a través do Fondo de Cooperación Local por un importe de 48.000 euros.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon. E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde deu remate á sesión sendo as catorce horas e daza e seis minutos, do que eu, Secretario, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE